

# EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 - Teléfono 218204

VIGO-24-marzo-1969


Querido Seoane:

O sábado que ven, a meia tarde, si é que non xurden incomenentes, temos proieitado ir facervos a visita prometida, Xohán Ledo e máis eu, coas respectivas mulleres. De xeito que, si non tedes compromiso de saída do Castro, agardádenos.

Xa lle escribín a Marcial Suárez e quedamos de acordo prá edición do seu fermoso libro. Onte entreguéi o orixinal na imprenta. Compre, por iso, que me mandes canto antes a portada e as ilustraciós. Faremos unha edición de 3.000 exemplares, dos que 750 serán especiais, impresos en papel rexistro.

Xohán Ledo está totalmente conforme en que señas tí quen fagas a tapa e as ilustraciós. E nós, naturalmente, estamos satisfeitísimos de contar con esa colaboración.

Deica logo, e con garimosos saúdos a Maruxa, mándache unha cordial aperta



Supoño que che mandarían o Perfil que che fixo Pablos en "Faro de Vigo"